

1. Características da poboación española

- Dicimos que o **crecemento da poboación** é **alto** cando o número de nacementos é superior ao de defuncións. E é **baixo** cando diminúe o número de nacementos.
- En **España** este crecemento é baixo, xa que hai unha diminución da natalidade debida a factores propios dunha **sociedade urbana e industrial**.
Así e todo, nos últimos anos a chegada de inmigrantes fixo que a poboación española volva a medrar.
- A **mortalidade** da poboación española descendeu ao longo do século XX. Esta diminución foi debida ao descenso da mortalidade infantil.
- A **esperanza de vida** (media de anos que pode chegar a vivir unha persoa) é cada vez maior grazas á diminución da mortalidade infantil e ao aumento do número de anos de vida das persoas. A diminución da natalidade e o aumento da esperanza de vida xeraron un **avellentamento da poboación española**.

2. O número de habitantes

- A poboación española **medrou notablemente** ao longo do século XX. A partir de 1980 o crecemento detívose debido á diminución do número de nacementos e ao mantemento das defuncións. Desde os comezos do século XXI hai un período de crecemento.
- **España** foi, tradicionalmente, un país de **emigrantes**, mais na década de 1990, grazas ao crecemento económico, converteuse nun país **receptor de inmigrantes**.
A chegada de inmigrantes foi unha das causas do crecemento da poboación.
- Actualmente España ten máis de **46 millóns de habitantes**.

3. A distribución da poboación en España

- A poboación española está distribuída de xeito moi **irregular** debido a factores físicos e á diferenza de recursos económicos. A poboación ordénase do seguinte xeito:
 - A **maioría da poboación** concéntrase nas zonas que teñen máis industria e servizos: a **franja litoral** e a **Comunidade de Madrid**.
 - Unha pequena parte da poboación distribúese no **interior**, en **zonas pouco poboadas**.
- O **21,9%** da poboación española é **rural** (vive en municipios de menos de 10000 habitantes).
- O **78,1%** da poboación española é **urbana** (vive en municipios de máis de 10000 habitantes).

4. A poboación española e o traballo

A **poboación activa** é aquela que ten unha ocupación remunerada (traballador) ou que busca traballo (parado).

A porcentaxe de poboación activa en España é de case un 60%.

- A poboación activa **española** traballa en tres sectores de actividades tradicionais:
 - **Primario**. Só un 4% da poboación española traballa en actividades agrarias.
 - **Secundario**. Un 13% da poboación española traballa na industria e na construción.
 - **Terciario**. A meirande parte da poboación española (case un 70%) traballa en turismo, comercio e servizos públicos.
 - A **poboación non activa** é aquela que non pode traballar ou non realiza unha actividade remunerada (estudantes, amas de casa, xubilados e persoas con discapacidade). A porcentaxe de poboación non activa en España é de máis dun 40%.
-

